

Plans para querer a Rosalía no seu día

A Real Academia, bibliotecas, o Ágora e os escritores galegos programan actos de homenaxe á escritora no aniversario do seu nacemento

Redacción | A Coruña | 24.02.2016 | 21:43

O 24 de febreiro de 1837 naceu **Rosalía de Castro** en Santiago, unha data que será recordada hoxe na cidade na que viviu e en toda Galicia con máis dunha homenaxe. **A Real Academia Galega** conmemorou a efeméride na súa sede da rúa Tabernas cun concerto de **Amancio Prada**, que gravou en 1975 un disco histórico cos versos da poeta.



[Más fotos](#)

Mais isto é só o remate da xornada. A Biblioteca da Deputación Provincial, en Riego de Agua, foi o escenario dun acto organizado pola área de Cultura do órgano provincial, no que se leron publicamente pezas de **Rosalía de Castro**. O centro tamén preparou un clube de lectura temático e unha guía sobre a súa obra. Paralelamente, a Deputación coruñesa puxo a libre disposición dos cidadáns catro ilustracións coa autora como protagonista, deseñadas por catro mulleres: Uqui Permui, Aurora Cascudo, Aldara Prado e Paula Mayor.



Recital de Amancio Prada na Real Academia. // Carlos Pardellas.

Houbo máis lecturas de **poemas e textos de Rosalía no centro Ágora** e a Biblioteca Pública Miguel González-Garcés, xa o sábado, ofrece un obradoiro literario infantil dramatizado sobre a **escritora galega**. Os centros escolares tamén prepararon varias homenaxes, como os alumnos do colexio **Salgado Torres**, que mesmo elaboraron un rap de homenaxe, dentro do proxecto Adiante, desenvolvido polo centro.



Lectura de poemas no Centro Ágora. // J. Roller.

La **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** dedica un manifesto á autora, **Rosalía libre e sen medo ningún**, escrito por **Suso de Toro**. "Non conseguí en vida o recoñecemento que

merecía mais non foi vencida, chegou aos seus últimos días coa arma da escritora na man. Rosalía viviu libre e campá aínda libre arredor de nós, é unha sombra clara que nos anima a vivir en liberdade sempre. Sempre libres, sempre en Galiza, a nación de **Rosalía**", conclúe o texto.